

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
XUNZI0H8		13-10-15 11:58

*Asunto*

Acta de la sesión AYT/XGL/30/2015

27066DXUNZI0HHa



### ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

#### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA SEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL QUINCE

#### ASISTENTES:

D/D<sup>a</sup> MARIA LOUREIRO GARCIA  
D/D<sup>a</sup> JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL  
D/D<sup>a</sup> MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ  
D/D<sup>a</sup> JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ  
D/D<sup>a</sup> LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ- NORIEGA  
D/D<sup>a</sup> EMILIO VILLARMEA MENDEZ

#### AUSENCIAS:

Non houbo ausencias

#### INTERVENTOR (POR DELEGACIÓN):

D/D<sup>a</sup> SERGIO AGUADO DELICADO

#### SECRETARIA XERAL:

D<sup>a</sup>. MARÍA LUZ BALSA RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 17:00 do día 06 de outubro de 2015, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria xeral, D<sup>a</sup>. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0H8

*Expediente*

*Fecha*

13-10-15 11:58

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA ANTERIOR.**

#### **A.-15.10.06/ACT.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 22 DE SETEMBRO DE 2015.**

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión celebrada o día 22 de setembro de 2015.

### **2.- LICENZAS DE OBRAS MAIORES.**

#### **A.- URB/236/2014.- 33996227L RIO RODRIGUEZ, ANTONIO**

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Antonio Río Rodríguez, con DNI 33.996.227-L, e domicilio a efectos de notificación na Rúa Vicente Cociña, 3-3º esqda., en Viveiro, para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Hermosende, parroquia de Galdo, en Viveiro, na agrupación de seis fincas, de referencias catastrais 27067 A060011770000XH, 27067 A060011830000XB, 27067 A060011840000XY, 27067 A060011820000XA, 27067 A060011860000XQ e 27067 A060011850000XG. Coa solicitude achegou proxecto básico asinado polos arquitectos, D. Emilio Casariego Baamonde e D<sup>a</sup>. Belén Rodríguez Rivas, visado polo COAG en fecha 23 de setembro de 2014 co número 1406366.

Visto que, segundo se desprende do informe xurídico, constan no expediente os seguintes antecedentes:

1.- O 1 de xullo de 2015 o solicitante aporta proxecto de execución asinado polos mesmos arquitectos e visado polo COAG o 12 de xuño de 2015, e oficio de dirección facultativa a favor dos anteditos técnicos. Consta oficio de dirección de execución material das obras a favor do aparelador, D. Luis Rodríguez Díaz visado o 3 de agosto de 2015 polo COATI de Lugo.

2.- Obran no expediente as seguintes autorizacións e/ou informes:

- Resolución do 24 de setembro de 2014 da subdirección xeral de xestión do DPH da CMATI autorizando o vertido de augas residuais domésticas depuradas por infiltración no terreo (cunca do río Landro) procedentes da vivenda a construír.

## Concello de Viveiro



<i>Dependencia</i> XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL 62.- MOC		
<i>Documento</i> XUNZI0H8	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-10-15 11:58

- Resolución do 29 de outubro de 2014 da dirección de Augas de Galicia autorizando o vertido de augas residuais domésticas depuradas procedentes da vivenda e de obras na zona de policía do río Landro.
- Resolución do 26 de xuño de 2015 da dirección de Augas de Galicia, para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Hermosende a 74 metros da marxe esquerda do río Bravos.
- Resolución da presidencia da Deputación Provincial de Lugo de 18 de setembro de 2014 para demoler unha vivenda e alpendre existentes e construción de nova vivenda na zona de afección da vía provincial 6602 “de Ruanova por Xista, a Muras”, punto quilométrico 2.710, marxe esquerda.

3.- O 2 de xullo de 2015 o solicitante achegou compromiso expreso de demolición das edificacións existentes nas parcelas, e para as que tramitou licenza de demolición (Expediente URB/235/2014).

Visto o informe favorable emitido polo arquitecto municipal. Segundo dito informe, debe establecerse unha fianza de 500 euros en garantía da execución simultánea dos servizos urbanísticos pendentes, que consisten na acometida á rede de subministro de electricidade e de abastecemento de auga. Dita fianza foi constituída polo promotor das obras. Así mesmo establécese no referido informe unha fianza de 1.500,00 euros en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se manifesta o seguinte:

1.- A ordenación urbanística provisional vixente no municipio de Viveiro (OUP) é a contida no Anexo ao Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento (publicada no D.O.G. nº 120, do 23 de xuño de 2006); dita ordenación foi modificada polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño (D.O.G. nº 109, do 10 de xuño de 2010).

2.- En virtude do disposto na Disposición Transitoria segunda da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da LOUGA, os decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da entrada en vigor desta lei de reforma (20.4.2010) manterán a súa eficacia, como norma de dereito transitorio, ata a data de entrada en vigor do correspondente plan xeral de ordenación urbana, coas seguintes especificacións:

## Concello de Viveiro



*Dependencia*

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0H8

*Expediente*

*Fecha*

13-10-15 11:58

(...) c) Nos núcleos rurais tradicionais delimitados será aplicable o disposto nesta lei para o solo de núcleo rural.

Ao abeiro da OUP, a finca sobre a que se pretende edificar clasifícase parcialmente como solo de núcleo rural, e parcialmente como solo rústico especialmente protexido por atoparse na franxa de 200 metros de largo dende o LIC Rio Landro, espazo declarado como zona de especial protección dos valores naturais polo Decreto 72/2004. A parte da parcela clasificada como solo de núcleo rural ten unha superficie de 1.458 metros cadrados, segundo se especifica no informe técnico e se reflexa no plano U-01 do proxecto básico.

3.- A ordenanza aplicable ás actuacións urbanísticas solicitadas é a regulada no punto 7 (solo de núcleo rural) da OUP, cuido tenor literal é o seguinte:

### 7.2. Condicións de edificación.

Para edificar no ámbito desta ordenanza será de aplicación o establecido nos artigos 24 a 29, 104 e 171 a 173 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, coas seguintes particularidades:

a) Parcela mínima edificable: 600 metros cadrados.

b) Fronte mínima de parcela: non se establece.

c) Só serán edificables as parcelas con fronte á vía pública.

Non se permite a segregación ou división de parcelas nin serán edificables as parcelas procedentes de segregacións ou divisións realizadas despois da entrada en vigor da Lei 15/2004, de modificación da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

d) A superficie total ocupada en planta pola edificación non poderá superar os 150 metros cadrados.

e) Altura máxima: planta baixa e unha planta alta, cun máximo de 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arrinque inferior da vertente de cuberta.

f) Recuamentos mínimos: recuamento frontal mínimo de 5 metros; 3 metros aos restantes lindeiros, sen prexuízo das limitacións establecidas pola lexislación sectorial de aplicación en materia de estradas.

g) Tipoloxía edificatoria: vivenda unifamiliar illada.

h) Só se permitirá unha vivenda en cada parcela.

i) A nova edificación deberá situarse a unha distancia inferior a 50 metros doutra vivenda existente con anterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

## Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

Documento

XUNZI0H8

Expediente

Fecha

13-10-15 11:58

4.- Asimesmo de acordo co disposto no artigo 24.2 da Lei 9/2002, coa redacción dada pola Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes, cando se pretendan construír novas edificacións, ou substituír as existentes, as persoas propietarias cederán gratuitamente ao concello os terrenos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso (ditos bens pasarán a integrarse no patrimonio municipal do solo segundo o 176.2.d da Lei 9/2002) e executar, á súa costa, a conexión cos servizos existentes no núcleo nos termos previstos no artigo 172º.1 da lei (Para edificar no eido dos núcleos rurais deberá executarse a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades. De non existir, resolveranse por medios individuais con cargo ao promotor ou promotora da edificación e co compromiso de conexión cando se implanten os servizos. E o artigo 172.3 da mesma norma posibilita a autorización da execución simultánea das obras de acometida, urbanización e edificación, debendo o municipio esixir garantías suficiente do cumprimento desta obriga.

Do expediente resulta acreditado o cumprimento da obriga de constitución dunha fianza por importe de 500 euros en garantía dos servizos urbanísticos de acometida ás redes de electricidade, abastecemento de auga e saneamento, non sendo obrigada neste caso a cesión gratuita a viais.

5.- O artigo 29 sinala as condicións da edificación das cales podemos salientar as seguintes:

-As características estéticas e constructivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento. En tal senso, para o acabado das edificacións, empregárase a pedra e os materiais tradicionais e propios da zona.

-A cuberta terá unha pendente igual ou inferior á media das existentes no seu asentamento, nunca superior a 40º, e estará formada por planos continuos sen quebras nas súas vertentes.

6.- De acordo co previsto no artigo 197 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. Poderase conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

7.- De conformidade co previsto no artigo 17.1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia, o acto polo que se outorgue

## Concello de Viveiro



<i>Dependencia</i> XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL 62.- MOC		
<i>Documento</i> XUNZI0H8	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-10-15 11:58

a licenza deberá consignar expresamente, ademáis de calesquera outras especificacións requeridas polas disposicións vixentes o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes extremos:

- Clasificación e calificación urbanística do solo obxecto da actuación.
  - Finalidade da actuación e uso ao que se destinará.
  - Altura, volúmenes e ocupación de parcela permitidos.
- Contía en que se presupostas as obras.
- Situación e emplazamento das obras.
  - Nome ou razón social do promotor.
  - Técnico autor do proxecto e director das obras.
  - Prazos para o inicio e terminación das obras.

8.- Será requisito indispensable dispoñer xunto a obra, de copia autorizada da licenza municipal, e colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de prantas autorizadas e o número de expediente.

9.- Os datos a ter en conta na concesión da licenza serán os seguintes:

Clasificación do solo: Núcleo Rural, Ordenanza nº 7 do Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba o ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento (DOGA 23-06-2006) segundo a nova redacción dada polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño.

Finalidade da actuación: Vivenda unifamiliar illada.

Altura, parcela e ocupación de parcela autorizadas: 2 plantas (B+1); superficie total da parcela dentro do solo de núcleo rural: 1.458,40 m<sup>2</sup>, ocupación da parcela (tras a demolición das construcións existentes: 150,00 m<sup>2</sup>

Contía en que se presupostan as obras de execución material: 175.899,00 euros

Situación e emplazamento das obras: Lugar Hermosende, parroquia de Galdo-Viveiro, finca formada pola agrupación de seis fincas, de referencias catastrais 27067 A060011770000XH, 27067 A060011830000XB, 27067 A060011840000XY, 27067 A060011820000XA, 27067 A060011860000XQ e 27067 A060011850000XG

Nome do promotor: Antonio Río Rodríguez.

Técnicos autores do proxecto e directores facultativos: D. Emilio Casariego Baamonde e D<sup>a</sup>. Belén Rodríguez Rivas. Director de execución material das obras: D. Luis Rodríguez Días.

## Concello de Viveiro



<i>Dependencia</i> XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL 62.- MOC		
<i>Documento</i> XUNZI0H8	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 13-10-15 11:58

Prazos para o inicio e terminación das obras: Establécense os prazos de 6 meses e 3 anos, respectivamente, dende a data do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Resultando que dado que no informe xurídico emitido se facía referencia á obriga de cesión establecida no artigo 24 da LOUGA, sen especificar se a mesma fora realizada e tendo en conta que no expediente non consta a existencia de dita cesión, pola Xunta de Goberno de data 18 de agosto de 2015 acordouse remitir o expediente ó Departamento de Urbanismo, ós efectos de constatar se no expediente de referencia é precisa a realización da cesión establecida no artigo 24 da LOUGA, e no caso de que sexa precisa, se incorpore a mesma ó expediente.

Visto que pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se emite informe complementario ó informe proposta emitido no seu día, no que se manifesta que segundo o informe técnico non resulta obrigada a cesión regulada no artigo 24 da LOUGA neste caso, polo que a mención do citado precepto no informe xurídico e proposta de resolución carece de relevancia xurídica para os efectos da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder licenza urbanística a D. Antonio Río Rodríguez (expediente URB/236/2014) para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Hermosende, parroquia de Galdo- Viveiro, na parcela resultante da agrupación de seis fincas, de referencias catastrais 27067 A060011770000XH, 27067 A060011830000XB, 27067 A060011840000XY, 27067 A060011820000XA, 27067 A060011860000XQ e 27067 A060011850000XG, de acordo co proxecto básico e o de execución asinados polos arquitectos, D. Emilio Casariego Baamonde e D<sup>a</sup>. Belen Rodríguez Rivas, visados polo COAG co número 1406366 en datas 23 de setembro de 2014 e 12 de xuño de 2015, respectivamente, e baixo a súa dirección facultativa.

### Segundo.- CONDICIÓN PARTICULARES

Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das condicións particulares que de seguido se transcriben:

1. O interesado deberá constituir unha fianza de 1.500 euros en garantía da reparación dos posibles danos que se poidan ocasionar nos espazos públicos durante a execución das obras.
2. De xenerarse entullos, deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

## Concello de Viveiro



*Dependencia*

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0H8

*Expediente*

*Fecha*

13-10-15 11:58

3. Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria.

Terceiro.- As CONDICIÓN XERAIS ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

- 1.1 A presente licenza só facultará á súa titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire pero non alterará a situacións xurídico privadas entre este e as demais persoas.
- 1.2 As obras executaranse con estrita suxeición ó proxecto aprobado e baixo a dirección do técnico que figura no expediente e do director de execución material que se designe. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.
- 1.3 A promotora queda obrigada ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; así mesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.
- 1.4 Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.
- 1.5 A licenza urbanística constitúe un requisito legal para a contratación da subministracións dos servizos de enerxía eléctrica, auga, gas, telefonía e telecomunicacións, nos casos e termos establecidos na lexislación urbanística.
- 1.6 A titular deberá notificar ó Concello a data de iniciación das obras. No caso de obras de nova edificación, a notificación acompañarase da acta de replanteo asinada pola dirección facultativa.
- 1.7 O Concello poderá conceder prórroga dos prazos de caducidade fixados na licenza, por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados. A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal previo procedemento con audiencia ao interesado.
- 1.8 Transmisión da licenza urbanística: As licencias urbanísticas serán transmisibles, pero tanto o antigo como o novo titular deberán notificalo ó Concello. De non producirse dita comunicación, quedarán ambos suxeitos ás responsabilidades derivadas da actuación amparada pola licenza. Xunto coa comunicación, deberá achegarse copia da licenza que se pretende transmitir. A notificación do titular anterior poderá ser substituída polo documento público ou privado que acredite a transmisión "Intervivos" ou "mortis causa" da propiedade ou posesión do inmovible, local ou soar. Os deberes urbanísticos sobre os terreos, construcións e



## Concello de Viveiro



*Dependencia*

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0H8

*Expediente*

*Fecha*

13-10-15 11:58

edificaci3ns teñen carácter real. As transmisi3ns realizadas por actos “Intervivos” ou “mortis causa” non modificarán a situaci3n xurídica do titular, quedando o adquirente subrogado no lugar e posto do transmitinte, tanto nos seus dereitos e deberes urbanísticos como nos compromisos que este tivese acordado coa administraci3n e fosen obxecto de inscripci3n rexistral.

1.9 A declaraci3n de caducidade extinguirá a licenza, non podendo iniciarse nin continuar as obras, agás traballos de seguridade e mantemento, dos que se dará conta ó Concello para o seu control, sen prexuízo do establecido no parágrafo seguinte

1.10 A solicitude de rehabilitaci3n da licenza caducada, poderá outorgarse cando non houberse cambiado a normativa aplicable ou as circunstancias que motivaron a súa concesi3n. A tódolos efectos, a data da licenza será a do outorgamento da rehabilitaci3n.

1.11 Antes da ocupaci3n da edificaci3n, o promotor haberá de solicitar e obter no Concello a licenza de primeira ocupaci3n, acompañada da documentaci3n preceptiva.

1.12 A concesi3n desta licenza non autoriza para a instalaci3n de actividades clasificadas nin para a apertura ó público dos locais, que haberán de ser obxecto das correspondentes autorizaci3ns municipais.

1.13 A promotora deberá dispoñer dun cartel informativo visible dende o exterior, no que consten:

- a) O nome e apelidos dos seguintes técnicos: dos proxectistas, dos directores da obra e de execuci3n da obra, do coordinador de seguridade e saúde e dos contratistas.
- b) Ordenanza que se aplica e usos aos que se vai destinar a edificaci3n.
- c) Data de expedici3n da licenza e prazo de execuci3n das obras.
- d) Número de plantas autorizadas.
- e) Número de expediente.
- f) Prazo de execuci3n das obras.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificaci3n ós interesados e ó Servizo de Tesourería.

### **B.- URB/296/2013.- 33992990W CORA FERNANDEZ, WENCESLAO**

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Wenceslao Cora Fernández, con DNI 33.992.990-W, e domicilio na Rúa Misericordia, 39, Bloq A-3ªA, en Viveiro, para executar obras de ampliaci3n dun alpendre (de 48,60 m<sup>2</sup> de superficie) existente na finca de referencia catastral 27067 A056007110000XW, no lugar de Portociño-parroquia de Landrove, e adaptaci3n do inmovible resultante para uso de vivenda

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0H8

*Expediente*

*Fecha*

13-10-15 11:58

unifamiliar (superficie total ampliada: 87,50 m<sup>2</sup>). Na mesma data foron ingresados os tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras e sellos municipais. A solicitude vén acompañada de proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy que consta co visado regulamentario do COAG, nº 1309084, de data 9 de decembro de 2014. Achégase oficio de dirección de obra igualmente visado, a favor do mencionado arquitecto.

Visto o informe técnico favorable, emitido polo arquitecto municipal, Segundo o mencionado informe á clasificación do solo segundo a OUP é solo de núcleo rural, resultándolle de aplicación a Ordenanza 7. Sinálase que debe procederse á realización da correspondente cesión de terreos segundo o previsto no artigo 171 da LOUGA. Maníéstase que as obras propostas se adecuan ó entorno onde se atopa atendendo á súa forma e materiais empregados incorporando solucións actuais integradas no conxunto, e que se fai constar no proxecto o cumprimento da normativa técnica aplicable. Respecto ós servizos urbanísticos indícase que en virtude do proxecto os servizos urbanísticos pendentes a realizar consisten na acometida á rede de suministro de electricidade e á instalación dunha fosa séptica para a evacuación e tratamento de augas residuais, valorándose o custo destas actuacións en 2.000,00 euros, e sinalando que se deberá constituir unha garantía mínima pola cantidade de 2.000,00 euros, equivalente ó 100% do custo das actuacións urbanísticas pendentes de executar. Establece unha fianza de 900,00 euros en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.

Visto que segundo consta no informe xurídico, en data 17 de xuño de 2014 asinouse a acta de cesión dos terrenos destinados polo planeamento a viais, fóra das aliñacións, que resulten necesarios para que a parcela resulte edificable (47 metros cadrados), e respecto á garantía para as actuacións urbanísticas pendentes de executar, o 18 de agosto de 2015 foi constituída a fianza por importe de 2.000 euros en garantía da execución simultánea dos servizos urbanísticos pendentes, segundo o informe do arquitecto municipal, consistentes na acometida á rede de subministro de electricidade e a instalación dunha fosa séptica para a evacuación e tratamento das augas residuais.

Visto o informe favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

1.- A disposición transitoria primeira da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia dispón que todas as

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0H8

*Expediente*

*Fecha*

13-10-15 11:58

solicitudes de licenzas e de autorizacións presentadas antes da entrada en vigor desa lei (que tivo lugar o día 28 de decembro de 2013), réxense pola normativa de aplicación no momento en que se solicitaron, sen prexuízo do cumprimento en todo momento das condicións técnicas que poidan afectar a seguridade das persoas e dos bens ou a convivencia entre a cidadanía. Os interesados/as poderán optar entre a continuación do procedemento ou a desistencia deste, acolléndose ao previsto na presente lei. O interesado non se acolleu á posibilidade de desistir do procedemento iniciado o 16 de decembro de 2013, polo que as normas de procedemento aplicables á tramitación do expediente de licenza de obra son as vixentes na data da solicitude. O procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 195 da LOUGA. Constan no expediente os informes preceptivos técnico e xurídico así como a documentación descrita no citado precepto (proxecto técnico completo redactado por técnico competente)

2.- Conforme o disposto no artigo 195.1 LOUGA, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. A normativa vixente no Concello de Viveiro para a resolución do procedemento é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. (D.O.G. nº 120, do 23 de xuño de 2006) coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño (D.O.G. nº 109, do 10 de xuño de 2010) polo que se modifica a anterior ordenación urbanística provisional; de acordo con dita normativa e no ámbito de solo de núcleo rural, resultan de aplicación as previsións do punto 7 do Anexo do Decreto 102/2006. Para edificar no ámbito desa ordenanza, será de aplicación o establecido nos artigos 24 a 29, 104 e 171 a 173 da LOUGA, coas particularidades especificadas no apartado 2 do punto 7. O cumprimento das condicións particulares analízase de xeito expreso no informe do arquitecto municipal.

Doutra banda, no artigo 171 da LOUGA regúlase o sistema de cesión de viais no solo de núcleo rural. Na súa virtude, os propietarios deberán ceder ao municipio os terreos destinados polo planeamento a viais, fóra das aliñacións, que resulten necesarios para que a parcela sexa edificable conforme ás determinacións da presente lei e do planeamento; o cumprimento efectivo do deber de cesión terá lugar coa solicitude da licenza e formalizarase en documento público, acompañado de plano ou documento gráfico no que se exprese con precisión a superficie obxecto de cesión conforme ás aliñacións establecidas. Consta no expediente a acta de cesión a viais, tal e como se indica no punto terceiro de antecedentes.

## Concello de Viveiro



*Dependencia*

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0H8

*Expediente*

*Fecha*

13-10-15 11:58

Además do indicado, a edificación no solo de núcleo rural conleva a obriga de executar as conexións coas redes de servizos existentes no nucleo rural ou nas súas proximidades, e de non existir, deberán resolverse por medios individuais con cargo aos promotores da edificación e co compromiso de conexión cando se implanten os servizos, podendo autorizarse a execución simultánea das obras de acometida, urbanización e edificación, debendo para elo esixir o Concello garantías bastantes do cumprimento desta obriga. Tamen resulta acreditado no expediente o cumprimento de tales extremos.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. Wenceslao Cora Fernández, licenza municipal para executar obras de ampliación dun alpendre (de 48,60 m<sup>2</sup> de superficie) existente na finca de referencia catastral 27067 A056007110000XW, no lugar de Portociño-parroquia de Landrove, e adaptación do inmovible resultante para uso de vivenda unifamiliar (superficie total ampliada: 87,50 m<sup>2</sup>), de acordo co proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy visado polo COAG co nº 1309084, en data 9 de decembro de 2014, e baixo a súa dirección facultativa.

Segundo.- CONDICIÓNNS PARTICULARES.

1. O interesado deberá constituir na Tesourería Municipal, no prazo dos quince días seguintes ao da notificación do acordo de outorgamento da licenza, unha fianza en garantía dos posibles danos que se ocasionen no espazo público durante a execución das obras, en contía de NOVECIENTOS EUROS (900,00).
2. De ser necesaria a ocupación da vía pública para os traballos de desescombro, demolición, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal.
3. Os entullos xenerados nas obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- CONDICIONS XERAIS

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0H8

*Expediente*

*Fecha*

13-10-15 11:58

1.1 A presente licenza só facultará ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire pero non alterará a situacións xurídico privadas entre este e as demais persoas.

1.2 As obras executaranse con estrita suxeición ó proxecto aprobado e baixo a dirección dos técnicos que figuran no expediente. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.

1.3 O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; así mesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública

1.4 Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

1.5 A licenza urbanística constitúe un requisito legal para a contratación da subministracións dos servizos de enerxía eléctrica, auga, gas, telefonía e telecomunicacións, nos casos e termos establecidos na lexislación urbanística.

1.6 Os prazos para o inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de remate de tres anos, contados dende a data do outorgamento da licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses . O incumprimento dos citados prazos producirá a caducidade da licenza. A declaración de caducidade extinguirá a licenza, non podendo iniciarse nin continuar as obras, agás traballos de seguridade e mantemento, dos que se dará conta ó Concello para o seu control, sen prexuízo do establecido no parágrafo seguinte.

1.7 O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

1.8 O titular deberá notificar ó Concello a data de iniciación das obras. No caso de obras de nova edificación, a notificación acompañarase da acta de replanteo asinada pola dirección facultativa e visada polo colexio profesional correspondente.

1.9 De ser o caso, antes da ocupación da edificación, o promotor haberá de solicitar e obter no Concello a licenza de primeira ocupación, para o que deberá achegar, sen prexuízo do labor inspector daquel: a) o certificado final de obra e acta de recepción, si se tivera outorgado expresamente ou a acreditación da recepción tácita; b) documento acreditativo do remate das obras de urbanización; c) certificado de illamento acústico expedido por empresa ou entidade homologada pola

## Concello de Viveiro



*Dependencia*  
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0H8

*Expediente*

*Fecha*

13-10-15 11:58

Consellería competente en materia de medio ambiente; d) Boletín de instalación de ICT asinado pola empresa instaladora, certificado de fin de obra de ICT visado polo colexio que corresponda e selado pola Xefatura Provincial de Inspección de Telecomunicacións e protocolo de probas, de se-lo caso.

1.10 A concesión desta licenza non autoriza para a instalación de actividades clasificadas nin para a apertura ó público dos locais, que haberán de ser obxecto das correspondentes autorizacións municipais

1.11 Nas obras de nova edificación e reestruturación xeral, o promotor deberá dispoñer dun cartel informativo visible dende o exterior, no que consten:

- a) O nome e apelidos dos seguintes técnicos: dos proxectistas, dos directores da obra e de execución da obra, do coordinador de seguridade e saúde e dos contratistas.
- b) Ordenanza que se aplica e usos aos que se vai destinar a edificación.
- c) Data de expedición da licenza e prazo de execución das obras.
- d) Número de plantas autorizadas.
- e) Número de expediente.
- f) Prazo de execución das obras.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados e ó Servizo de Tesourería.

### **C.- URB/203/2015.- B27458868 HOTEL URBAN VIVEIRO S.L.**

Vista a solicitude de licenza presentada por Hotel Urban Viveiro S.L., con CIF B27458868, e domicilio a efectos de notificación en Praia de Area, 1, Viveiro, para obras de modernización de hotel existente na Avda. J.G. Navia Castrillón, nº 2, en Viveiro, de referencia catastral 3251401PJ1335S0001XO, para aumento de categoría, mellora da eficiencia enerxética e da accesibilidade. Coa solicitude achega proxecto de execución asinado pola arquitecta, D<sup>a</sup>. Susana Pérez Pereiras co visado regulamentario do COAG, de fecha 23 de xullo de 2014 e número 1504510; O 28 de xullo foron ingresados os tributos municipais por ICIO e taxa de licenza de obras, e o 4 de agosto foron incorporados ao procedemento os oficios de dirección facultativa e dirección de execución material das obras.

Visto que se desprenden do expediente os seguintes antecedentes:

1.- A edificación atópase dentro da zona do dominio público marítimo terrestre. Consta copia de declaración responsable e a documentación adxunta á mesma, remitida a este Concello polo Servizo Provincial de Costas.

## Concello de Viveiro



*Dependencia*

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0H8

*Expediente*

*Fecha*

13-10-15 11:58

2.- A edificación atópase localizada dentro da Zona Arqueolóxica Perimetral (ZAP), segundo a ordenanza Q do PEPRI. Consta Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se autoriza o proxecto arqueolóxico das obras de instalación de dous ascensores no hotel situado na Avda. Juan García Navia Castrillón.

3.- A edificación atópase dentro da área de protección da Capela do Cristo dos Malates. Consta Resolución de autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

4.- Consta a presentación pola mercantil interesada de comunicación previa de cambio de titularidade referente ás actividades, na referida edificación, de hotel e cafetería e autoliquidación de taxa por modificación de actividade ou establecemento ou adaptación ás novas esixencias técnicas.

5.- Segundo se desprende do informe xurídico, en relación á actividade, considéranse suficientemente acreditados os seguintes extremos:

- ⇒ Memoria explicativa das actividade (hotel e cafetería).
- ⇒ A redactora do proxecto xustifica no punto 3 do proxecto (cumprimento do CTE) que o local cumpre as especificacións en materia de seguridade e salubridade e no punto 4 (Anexos á memoria), as relativas á accesibilidade en ambas actividades (hotel e cafetería).
- ⇒ Xustificante de pagamento dos tributos municipais, o 29 de xullo de 2015.
- ⇒ Declaración asinada o 27 de xullo de 2015 polo responsable, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.

Visto que consta informe técnico favorable, emitido polo arquitecto municipal. Segundo o mencionado informe, o solo no que se pretenden executar as obras está clasificado segundo a OUP como solo urbano consolidado, dentro do recinto REX do PEPRI. Sinálase polo técnico municipal que o proxecto achegado cumpre coas ordenanzas de aplicación, e faise referencia a que no proxecto presentado consta o cumprimento coa normativa técnica aplicable. Establécese unha fianza de 25.000,00 euros en concepto de garantía par a reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público, así como durante a conexión ás redes públicas de sumidoiro e abastecemento de auga e reposición de pavimentos.

## Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

Documento

XUNZI0H8

Expediente

Fecha

13-10-15 11:58

Visto o informe favorable, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se recolle que:

1.- Consonte o disposto no artigo 194.2 da LOUGA, na redacción dada pola disposición transitoria terceira da Lei 19/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, estarán suxeitos a licenza municipal previa... “a) *Los actos de edificación y uso del suelo y del subsuelo que, conforme a la normativa general de ordenación de la edificación, precisen de proyecto de obras de edificación*”; e o artigo 2.2 letra b) da LOE especifica que requirirán proxecto “*Todas las intervenciones sobre los edificios existentes, siempre y cuando alteren su configuración arquitectónica, entendiéndose por tales las que tengan carácter de intervención total o las parciales que produzcan una variación esencial de la composición general exterior, la volumetría, o el conjunto del sistema estructural, o tengan por objeto cambiar los usos característicos del edificio*”

2.- Conforme o disposto no artigo 196.2 da LOUGA, cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa ou solicitude de licenza de obra, no seu caso, poñeranse en coñecemento da administración municipal os datos identificativos e aportarase a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia. O artigo 24.2 da norma citada establece que, se para o desenvolvemento da actividade é precisa a realización dunha obra, a documentación indicada no parágrafo 1º dese artigo presentarase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se proceder. E logo de rematada a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade.

A documentación acreditativa dos requisitos exixibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación, á que se refire o parágrafo 1º do artigo 24 da Lei 9/9/2013, do emprendemento, é a seguinte:

a) Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.

b) Xustificante de pagamento dos tributos municipais.

c) Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico

d) Proxecto e documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou instalación.



## Concello de Viveiro



*Dependencia*

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
62.- MOC

*Documento*

XUNZI0H8

*Expediente*

*Fecha*

13-10-15 11:58

e) A autorización ou declaración ambiental que proceda.

f) As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.

g) Se for o caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas nesta lei.

Revisada a documentación achegada pola mercantil interesada para a solicitude de licenza de obra, considéranse suficientemente acreditados os seguintes extremos:

- Memoria explicativa das actividade (hotel e cafetería).
- A redactora do proxecto xustifica no punto 3 do proxecto (cumprimento do CTE) que o local cumpre as especificacións en materia de seguridade e salubridade e no punto 4 (Anexos á memoria), as relativas á accesibilidade en ambas actividades (hotel e cafetería).
- Xustificante de pagamento dos tributos municipais, o 29 de xullo de 2015.
- Declaración asinada o 27 de xullo de 2015 polo responsable, de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.

